

GUÍA DOCENTE DE **ANÁLISE DAS MÚSICAS DE TRADICIÓN ORAL I-II**

ENSINANZAS SUPERIORES DE MÚSICA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015, DO 29 DE OUTUBRO)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN										
DISCIPLINA: ANÁLISE DAS MÚSICAS DE TRADICIÓN ORAL I-II										
ESPECIALIDADE	Interpretación Musicoloxía				ITINERARIO				IMTP Etnomusicoloxía	
CARÁCTER	Obrigatoria				TIPO DE CLASE				Colectiva	
CURSOS	1º curso	2º curso	3º curso	4º curso	DEPARTAMENTO					
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:	3h
ECTS/CUAD.			3	3					Observacións:	

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRIPTOR:	Estudo e práctica das ferramentas máis usuais para a aproximación analítica á música de tradición oral, facilitando o afondamento no coñecemento da obra musical.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Requírese estar matriculado no curso correspondente
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, T2, T4, T8
COMPETENCIAS XERAIS:	X3, X5, X10, X13, X14, X18, X25
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EI4, EM1, EM3
Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no Decreto 163/2015, do 29 de outubro	

3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
1. Dotar aos alumnos das ferramentas necesarias para discernir as estruturas e facturas propias de cada estilo.	Todas
2. Utilizar a análise coma unha ferramenta aplicada a outras concepcións: entender a música en relación a unha cultura determinada, a interpretación, significación dentro do estilo, función social, técnicas compositivas e/ou improvisatorias, etc.	Todas
3. Comprender a importancia da música como parte fundamental dunha cultura ou pobo determinado realizando asociacións entre música e sociedade.	T1, T2, T8, X 3, EM1
4. Utilizar, de forma autónoma e con sentido crítico, os diferentes medios ó seu alcance para ampliar e completa-la súa formación, relacionando os seus coñecementos musicais con datos de outra índole (técnicos, científicos, sociais, históricos...), adquiridos de forma autónoma (lecturas, investigacións...), noutras materias, ou ben a través da súa experiencia cotiá.	T1, T2, T8, T17, X3, X5, X17, X25, EM1, EM3, EI4
5. Comprender a importancia e apreciar o valor das manifestacións musicais de tradición oral entendendo a súa enorme diversidade e amplitude	T2, X16, X17, EM1.

4. CONTIDOS
1. Concepto e obxecto da análise musical.
2. Características xerais das músicas de tradición oral
3. Análise dos diferentes elementos.
4. A forma



5. METODOLOXÍA , ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN

ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	CUALIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Clases prácticas	Presenciais	Todo o cuatrimestre
Exame	Presenciais	Ao final do cuatrimestre
Titorías	Presenciais	Esporádicamente
Traballo persoal	Non presenciais	Todo o cuatrimestre

6. AVALIACIÓN

A ensinanza é de carácter presencial e de asistencia obrigatoria. A avaliación preferentemente será continua* e o alumno/a disporá de dúas convocatorias por cuatrimestre, unha ordinaria e outra extraordinaria.

No caso da perda de avaliación continua, pola acumulación dun determinado número de faltas, segundo o protocolo aprobado polo centro, o alumno/a deberá realizar as probas correspondentes á “avaliación alternativa” e que son especificadas para tal fin na programación do cuatrimestre correspondente.

**Consultar os criterios de avaliación, ferramentas de avaliación e ponderacións nas programacións dos diferentes cuatrimestres da disciplina.*